




RÍA DE FOZ

Da ponte do Masma á praia da Rapadoira



Adela Leiro, Mon Daporta
novembro 2021

Distancia: 9 km (lineais)
Dificultade: baixa



Foz desde o porto



Praia da Rapadoira

Unha camiñada para percorrer a beira oeste da ría de Foz, e coñecer o espazo incluído na rede Natura como LIC/ZEC “Ría de Foz-Masma” e na ZEPA “Ría de Foz”, aproveitando unha grande parte do trazado da segunda etapa dos Camiños Naturais do Cantábrico e algún desvío que nos leve máis pola beira do mar. Os camiños naturais do Cantábrico son un roteiro litoral que en Galiza percorre, en sete etapas, 170 km, entre Ribadeo e Ladrido (Ortigueira).



Foz e a ría desde a praia dos Fondás

PERCORRIDO

Comezamos na **ponte do Masma** para ver a parte de máis a dentro da ría, unha zona de augas quedas, pouco fondas e de fondo lamacento consecuencia en grande medida do estrangulamento que lle produce o dique que crea a **vía do tren**; logo percorrendo o camiño acondicionado da beira da estrada imos ata o desvío á dereita, pola estradiña que, ao ir gañando altura, nos ofrece unha boa panorámica desta zona interior, ao chegarmos ao final da recta, e da subida, temos un desvío á dereita que baixa para levarnos de novo á beira da auga na **praia dos Fondás** e a **punta da Arnela**. Se a marea está alta temos que volver polo camiño da ida, pero se está baixa podemos seguir pola praia e por debaixo do cantil da **punta da Granda** para chegar a un camiño que, beirando o pequeno esteiro do **rego de Vilaronte**, nos volve á ruta, co que aforramos a subida e medio quilómetro de camiñada. O camiño segue preto da auga e métenos no **esteiro do río Centiño** ata chegarmos ao pé dos **pasos de Malates**, que servían de atallo para cruzar a ría á xente da contorna, dos que so quedan unhas ringleiras de pedras no fondo do río. Nesta zona, debaixo do tendido eléctrico, temos que apartarnos do río para subirmos ata a beira das casas e continuar ata o novo desvío polo que logo cruzamos o **río Centiño** e imos á outra banda do esteiro, do que adiante hai unha boa vista, e pasar por debaixo do campo de fútbol. No empalme collemos á dereita, rodeando unha mancha de árbores, para volver á beira e atoparnos de novo co que queda dos pasos de Malates, como explica o panel que hai á beira do camiño, e seguindo atopamos outro panel que nos conta da draga “A Chata”, da que, debaixo do cantil, temos o pouco que queda dos seus restos, un pouco máis alá chegamos ao asfalto para rodear os **estaleiros**, aínda que se a marea axuda podemos seguir pola beira, ata acadar a **punta dos Malates** e desembocar na zona portuaria. Desde aquí percorremos a fachada marítima da **vila de Foz**, pasando dun peirao ao outro, para mirar a estreita boca da ría, pouco máis dun cento de metros entre a punta Tupide e o dique do peirao, e desembocar na **praia da Rapadoira**, onde damos por finalizado o percorrido.



Foz e o porto



Dique da vía do tren que parte a ría



A Xunqueira. Esteiro do río Centiño



Esteiro do Masma





Desembocadura do río Centriño



Punta dos Fondás



Praia dos Fondás



Restos das rampas dos antigos estaleiros



Ría de Foz